

MOCIÓN SOBRE A PLATAFORMA VÍCTIMAS ALVIA 04155.

PLENO 08 SEPTIEMBRE 2016. ACTA 0014/2016

Moción do grupo municipal AER o día 23/08/2016 con número 12489 que se transcribe a continuación:

“O grupo municipal da Agrupación de Electores de Redondela, en base ao artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela, presenta a seguinte MOCIÓN, para o seu debate, e no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno Ordinario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A “*Plataforma Víctimas Alvia 04155*” leva loitando por esclarecer as circunstancias nas que tivo lugar o desgraciado accidente do tren Alvia 04155 con destino a Santiago de Compostela o 24 de Xullo de 2013. Este accidente, no que morreron 81 persoas e resultaron feridas outras 145, é o accidente ferroviario máis grave da historia da democracia española. Dita Plataforma constituíuse coa intención de reivindicar a verdade e a xustiza no seu amplo senso, esixindo tamén responsabilidades políticas polos feitos que rodearon ao mencionado sinistro.

Un suceso tan grave non pode nin debe quedar no esquecemento das institucións públicas e dos responsables políticos e por isto é necesario indagar nas causas e responsabilidades penais e políticas que puideran derivarse de dito accidente ferroviario. Á marxe das investigacións xudiciais e das responsabilidades penais que poidan derivarse delas, as vítimas sempre reivindicaron a apertura dunha Comisión de Investigación Parlamentaria para depurar as responsabilidades políticas; en un exercicio de responsabilidade é necesario dar o noso apoio a esta iniciativa, situarnos do seu lado dándolles o noso apoio expreso.

A “*Plataforma Víctimas Alvia 04155*” denunciou en reiteradas ocasións a falta de sensibilidade das autoridades e unha incomprendible situación de desamparo que viola os seus dereitos máis básicos como vítimas e familiares deste terrible suceso. Con esta moción non podemos reparar o dano inmenso que estas persoas sufriron, non podemos facer xustiza, nin esclarecer a verdade do ocorrido, pero a través do consenso entre todos os grupos políticos con representación no noso Concello, nun acto de responsabilidade e compromiso, contribuímos a recoñecer e dignificar ás vítimas e familiares do accidente ferroviario Alvia 04155.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal da Agrupación de Electores de Redondela, presenta para o seu debate e posterior aprobación en pleno os seguintes acordos:

- 1- Dar apoio expreso á “*Plataforma Víctimas Alvia 04155*”
- 2- Que o Concello de Redondela reciba á “*Plataforma Víctimas Alvia 04155*”, para coñecer as súas demandas e reivindicacións.

- 3- Solicitar ao Goberno do Estado que encargue a unha comisión de expertos e técnicos independentes a investigación do ocorrido.
- 4- Solicitar ao futuro Goberno do Estado a apertura dunha comisión de investigación en sede parlamentaria para establecer posibles responsabilidades políticas.”

VOTACIÓN E ACORDO.-

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase coas emendas propostas: no punto 2-, engadir que se manteña coa presenza de todos os grupos da Corporación, e engadindo un punto 5-, Instar ao goberno da Xunta de Galicia a creación dunha comisión de investigación parlamentaria, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).